



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 5 DE FEBREIRO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:06 horas do día 5 de febreiro de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, réunese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Punte, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Paineiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións extraordinarias do 27.11.2014 e 28.11.2014 e das sesións ordinarias do 04.12.2014 e 08.01.2015

Non habendo obxeccións, as actas quedan aprobadas.



2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 1285/2014 á 1374/2014

Os concelleiros danse por informados.

O voceiro do grupo do BNG pregunta pola licitación da renovación do catastro, xa que lle chama a atención a licitación porque consideraba que se tiña intención de encomendar á Deputación.

O alcalde contesta que esa encomenda foi rexeitada polo pleno e a concelleira do grupo do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, di que se está a licitar mediante un procedemento aberto.

3. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito 1/2015

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene en sesión ordinaria celebrada en data 26 de xaneiro do 2015 por 3 votos a favor do grupo municipal do P.P. e 4 abstencións (2 do grupo do BNG, 1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de créditos nº 1/2015, e se proponha ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte



PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 01/2015 de suplemento de crédito financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 17100.00 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicación orzamentaria incrementada polo suplemento de crédito:

APLIC. ORZ.	PROX. GASTO	CONCEPTO	IMPORTE (€)
453/61900	C18	Obras camino do cemiterio Romariz Barallobre	17100.00

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a baixas por anulación de créditos da seguinte aplicación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	DISMINUCIÓN	CREDITO DEFINITIVO	Breve explicación da baixa na consignación sen perturbación dos servizos	
CODIGO	DENOMINACIÓN				
151/60000	Urbanismo. Adquisición terreos	67582.14	17100.00	50482.14	Crédito sobrante

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación,



entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 21 de xaneiro de 2015.

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que se trata dun expediente de suplemento de crédito por importe de 17.100 euros para facer fronte ao IVE e dirección de obra das obras de Romariz.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º. Aprobar o expediente nº 01/2015 de suplemento de crédito financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 17100.00 € de conformidade co previsto no TRLRFL. O detalle é o seguinte :

Aplicación orzamentaria incrementada polo suplemento de crédito:

APLIC. ORZ.	PROX. GASTO	CONCEPTO	IMPORTE (€)
453/61900	C18	Obras camino do cemiterio Romariz Barallobre	17100.00

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a baixas por anulación de créditos da seguinte aplicación:



APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONSIGNACION ANTERIOR	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO	Breve explicación da baixa na consignación sen perturbación dos	
CODIGO	DENOMINACION			servizos	
151/60000	Urbanismo. Adquisición terreos	67582.14	17100.00	50482.14	Crédito sobrante

2º. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

3º. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

4. Aprobación, se procede, da moción do grupo mixto municipal en relación á ampliación do horario de apertura da biblioteca municipal

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade en sesión ordinaria do 30.01.2015 por 1 voto a favor do grupo mixto municipal e 6 abstencións (3 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal socialista e 2 do grupo municipal do BNG):

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DE EU AO PLENO DO CONCELLO DE FENE REFERENTE A AMPLIACIÓN DO HORARIO DE APERTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Mª Carmen Martínez Rodríguez, na súa condición de Concelleira de ESQUERDA UNIDA no Concello de Fene, ao abeiro do vixente regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte moción ao obxecto de que se inclúa na orde do día do Pleno Ordinario e debatida no mesmo coa seguinte



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na actualidade a biblioteca municipal pública, situada na Casa da Cultura, ofrece un horario de apertura limitado, en período lectivo é de luns a venres de 16:00 a 20:45; sábados de 10:00 a 13:00 h, agás en vacacións escolares que e de luns a venres de 10:00 a 14:30 h.

Consideramos a limitación do horario de apertura como algo grave, xa que se limita así o acceso a una alternativa de ocio non consumista, educativa e gratuíta, ós xóvenes do noso municipio, especialmente en período de vacacións escolares.

Sen embargo, este feito se revela todavía mais grave no contexto de crise económica, xa que coa subida das taxas universitarias e os recortes en becas, dentro da implantación do Plan Bolonia, con estudos de réxime exclusivamente presencial, e da Estratexia Universidad 2015, entre outros, están obrigando a compatibilizar estudos superiores, técnicos e de oposición a función pública, que xa de por sí esixen dedicación completa, cunha actividade laboral en condicións precarias que na maioría de casos impide acudir a bibliotecas públicas a estudar, polo seu limitado horario de apertura.

O exposto anteriormente xa veta tacitamente a moitas familias de clase traballadora a cursar calquier tipo de estudio, pero, por si fora pouco, calquer persoa de Fene ou Ferrolterra que pretenda estudar por as noites, debe percorrer máis de 40 kilómetros en transporte privado hasta a biblioteca de apertura 24 horas máis cercana.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de EU- propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

* Instar ao Goberno Municipal a que realice as xestións necesarias co fin de ampliar o horario habitual da biblioteca públicas, a horario de mañá e tarde, así como ampliar o mesmo tamén en fins de semana.

Fene a 24 de Xaneiro de 2015

Asdo.: M^a Carmen Martínez

(Voceira de EU Fene)”

Abre o debate a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que solicitan a ampliación do horario da biblioteca só nos períodos de exames, oposicións ou selectividade, de xeito que entre a semana se peche ás 00.00 h. e se amplíe a apertura tamén aos



sábados pola tarde e aos domingos pola mañá. Di que hai moita xente que se está a desprazar a Ferrol ou á Coruña, pero non todo o mundo pode afrontar estes desprazamentos.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo votará a favor da proposta porque entende que os servizos municipais teñen que atender a demanda da cidadanía en cada momento, que agora é constatable que existe a demanda por parte dos estudantes deste concello, polo que o goberno municipal debe axustar o servizo ás demandas reais.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que votarán a favor e aproveita o momento para pedirle ao goberno municipal que, logo de ver que existe a demanda deste servizo, trate de acadar un horario máis amplo da biblioteca.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que a día de hoxe non existe ningunha reclamación nin petición dun maior uso da biblioteca e entende que a moción solicita a habilitación de zonas, ben sexa na biblioteca ou noutras áreas, para proceder ao estudo. Dende que o seu partido chegou ao goberno non recortaron nada o horario da biblioteca, de xeito mantiveron o horario existente e, a maiores, e segundo demandas de usuarios, habilitaron algo que non existía: aulas de estudo con maior ampliación de horario. Así, a biblioteca atópase dentro do edificio da Casa da Cultura que ten máis horario que a propia biblioteca.

Anuncia que o seu partido vai votar en contra da moción porque os horarios da Casa da Cultura e da biblioteca foron pactados cos traballadores e fai pouco que acaban de saír publicados co coñecemento e a participación de todos os grupos políticos.

Non obstante, se chegasen as demandas de maior apertura, o goberno municipal procedería a estudar as posibilidades, pero non tal e como están formulados nesta moción, cuns horarios que nin sequera se corresponden cos actuais, xa que a día de hoxe a apertura das instalacións para o estudo é maior da que expón a moción.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que quere preguntar que horario ten a aula de estudo que se habilitou?

Contéstalle o alcalde que non están na quenda de rogos e preguntas.

A voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, dille que a aula de estudo está aberta de 10.00 h. a 13.30 h., está aberta todas as tardes e os sábados ten o horario da Casa da Cultura e non da biblioteca. Este horario é así dende hai case que dous anos, debido a unha



serie de suxestións e reclamacións relacionadas con isto.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Instar ao Goberno Municipal a que realice as xestións necesarias co fin de ampliar o horario habitual da biblioteca públicas, a horario de mañá e tarde, así como ampliar o mesmo tamén en fins de semana.

5. Aprobación, se procede, da moción do grupo mixto municipal en relación á defensa dos/as afectados/as pola hepatite C e o seu dereito a recibir tratamento no sistema sanitario público

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade en sesión ordinaria do 30.01.2015 por 1 voto a favor do grupo mixto municipal e 6 abstencións (3 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal socialista e 2 do grupo municipal do BNG):

“MOCIÓN EN DEFENSA D@S AFECTAD@S POLA HEPATITE C, E O SEU DEREITO A RECIBIR TRATAMENTO NO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO.

M^a Carmen Martínez Rodríguez, na súa condición de Concelleira de ESQUERDA UNIDA no Concello de Fene, ao abeiro do vixente regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta para a súa aprobación a seguinte moción, ao obxecto de que se inclúa na orde do día do Pleno Ordinario e sexa debatida no mesmo, coa seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os pacientes afectados pola infección de Hepatite C, levan meses esixindo ó Goberno a financiación dun fármaco de recente comercialización (Sofosbuvir), que se amosou extraordinariamente eficaz na erradicación da enfermidade. A multinacional que o comercializa, a empresa farmacéutica Gilead, impón un prezo exorbitante e abusivo para cada un dos tratamentos. O Ministerio de Sanidade non



está a financiar o tratamento, e despois da aprobación do mesmo pola Axencia Europea de Medicamentos, rexistráronse uns 4.000 falecementos de pacientes que poderían terse beneficiado da súa utilización.

Entendemos que o Goberno non ten feito nin de lonxe o suficiente para garantir un tratamento para todos os afectados susceptibles de beneficiarse do mesmo. Alega problemas de financiación, debido ó elevado custe do tratamento individual, pero non fai uso das ferramentas que ten ó seu alcance e que poden permitir abaratar o prezo do medicamento, para así garantir o dereito á asistencia sanitaria e á vida destas persoas.

O acordo sobre propiedade intelectual da Organización Mundial del Comercio (Acordo ADPIC) permite a utilización de licencias obrigatorias, isto é, permisos para que un goberno poida producir un produto patentado ou utilizar un procedemento patentado sen o consentimento do titular da patente.

É dicir, segundo os acordos internacionais asinados, o Goberno español podería autorizar a produción de xenéricos baseados na patente de Sofosbuvir, có fin de dar tratamento a prezo sostible ós afectados pola Hepatite C, abastecendo o mercado interno. É mais, en casos como o que nos ocupa, de auténtica emerxencia sanitaria e de prácticas empresariais anticompetitivas, o Goberno non está obrigado a intentar negociar unha rebaixa do prezo có propietario da patente de xeito previo á utilización da licenza obrigatorio, senón que pode impor directamente o prezo que estime oportuno, adecuado e xusto.

A única limitación, que non forma parte do acordo ADPIC (modificado en 2003), é a decisión voluntaria dalgúns países desenrolados, entre os que se atopa España, de renunciar á importación de xenéricos producidos baixo licenza obrigatoria en terceiros países, ferramenta que sería útil no caso de que non existira capacidade técnica para a produción do medicamento xenérico no propio territorio nacional.

ESQUERDA UNIDA amosa a súa solidariedade coa loita dos afectados pola Hepatite C, así como o apoio ás mobilizacións que se están levar a cabo en todo o territorio nacional, en defensa dos dereitos.

Por todo elo, solicitamos do Pleno do Pleno do Concello de Fene, a adopción dos seguintes acordos:

1) Esixir ó Goberno de España:

1.1) Que declare a situación dos pacientes afectados por Hepatite C como emerxencia sanitaria, e a



actuación da Empresa Gilead de anticompetitiva e monopolística.

1.2) Que realice os trámites necesarios, coa maior brevidade posible e sen negociación previa co titular da patente, para a emisión da licenza obrigatoria do Sofosbuvir, autorizando o abastecemento do mercado interno deste produto mediante a fabricación de xenéricos, fixando un prezo que sexa sostible para as arcas públicas e que garante o tratamento para todos os que, segundo os criterios médicos profesionais, o precisen.

1.3) Que retire a decisión voluntaria do Goberno de España de renuncia á importación de xenéricos producidos baixo licenza obrigatoria en terceiros países, a fin de poder importar medicamentos, en caso de que a produción de xenéricos baixo licenza obrigatoria realizada no noso país non sexa suficiente para cubrir as necesidades.

1.4) Instar ós organismos internacionais e ós países membros da UE á modificación da lexislación de patentes farmacéuticas, a fin de evitar os efectos perniciosos da especulación financeira. A empresa que descubriu o Sofosbuvir (Pharmasset), saiu a bolsa antes incluso da comercialización e desenvolvemento do fármaco, e foi adquirida por Gilead por un importe de once mil millóns de dólares. Entendemos que a lexislación debe prohibir que os custos derivados de operacións bursátiles especulativas sexan trasladados ó prezo de venda dos fármacos ou, o que é o mesmo, prohibir que, en última instancia, as operacións bursátiles especulativas sexan financiadas cos fondos dos sistemas sanitarios públicos.

1.5) Que prohíba que se poidan establecer patentes privadas sobre produtos que sexan desenvolvidos en boa medida, grazas á labor de investigacións financiadas por institucións públicas, e levadas a cabo en instalacións ou centros públicos, coa participación de profesionais dos sistemas nacionais de saúde ou de seguridade social, e mediante ensaios nos que participen pacientes que sexan captados en centros de titularidade ou financiación pública.

1.6) Que desenvolva unha investigación farmacéutica independente da actual industria, ó servizo unicamente do desenvolvemento científico e da mellora da saúde da poboación, sendo para elo de titularidade e financiación pública.

1.7) Que poña en marcha unha industria farmacéutica pública con capacidade de facer fronte á demanda de medicamentos do sistema sanitario público.

2) Instar ó Goberno da Xunta de Galicia, a sumarse a estas esixencias diante do goberno central, e a asumir a súa responsabilidade derivada das competencias autonómicas en prestación da asistencia sanitaria, garantindo de inmediato o tratamento necesario a todos os afectados que o necesiten, segundo prescrición facultativa.



3) Dar traslado destes acordos ó Ministro de Sanidade e ós Voceiros dos Grupos Parlamentarios da Xunta de Galicia, así como do Congreso dos Deputados.

En Fene, a 22 de Xaneiro de 2015.-

Asdo. M^a Carmen Martínez

Voceira do G.M. de EU Fene”

Abre o debate a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que a moción pretende que o goberno busque os medios para o financiamento deste medicamento, que ademais garante a vida de moita xente. A non financiación deste medicamento parécelle un atentado contra a saúde das persoas, por iso entende que a moción debía ser aprobada para que o goberno da Xunta de Galicia se implique o suficiente para esixirlle ao Goberno estatal unha solución inmediata para os afectados da hepatite C.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que anuncia que o seu partido votará a favor da moción non só polo seu contido, senón tamén porque lle parece escandaloso as novas que apareceron esta semana dunha directiva da farmacéutica que dixo que o prezo do fármaco non garda relación cos custes de investigación ou produción, xa que é un custe que se fixa arbitrariamente en función da capacidade adquisitiva de cada país.

Parécelle algo escandaloso, exemplo do que pode facer o capitalismo aberrante e ao que se están enfrontando en todos os ámbitos da xestión pública e económica do país.

O que cómpre neste momento é plantarse ante unha actitude totalmente miserable por parte de quen está monopolizando a investigación no ámbito da sanidade.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que neste caso hai que partir da base de que todos e todas polo feito de estar incluídos no campo de aplicación da Lei xeral da Seguridade Social teñen uns dereitos e un contrato coa Seguridade Social, que inclúe unha serie de tratamentos de diversas enfermidades, e a hepatite C está incluída nese contrato e neses dereitos de atención.

A lei non di en ningún momento que unha ou outra enfermidade se inclúen dependendo do prezo dos medicamentos, por iso todos teñen dereito á asistencia sanitaria para ser tratados e curados, de forma que non darlles aos enfermos o mellor tratamento posible é un fraude.

Se isto sucede, que pode ser o seguinte? Que mañá se descubra unha cura para o cancro e como é cara non se ofrezca?

O que pretende a Unión Europea é privatizar a sanidade, de xeito que cada quen pague o seu seguro



privado e quen teña máis cartos cubrirá máis cousas e, o que non, o terá que poñer do peto.

Os responsables, a sabendas de que a xente pode morrer desta doenza, miran exclusivamente ao aforro e o homicidio imprudente existe no Código Penal español, xa que se sabe que pode morrer xente, que hai a responsabilidade de curala e, inda así, por aforrar cartos non se fai.

Todos os que hoxe están aquí levan anos pagando impostos e el persoalmente paga impostos para isto, non lle gusta que sexan para mercar armas, gustaríalle que os seus cartos se investisen precisamente en cousas como esta.

Se as empresas invisten é normal que queiran gañar cartos, pero o Goberno e as Comunidades autónomas poden presionar de diversos xeitos e non é certo que toda a investigación a fagan as farmacéuticas, xa que unha parte moi importante deses cartos a pagan os cidadáns, xa que todas as empresas teñen unhas deducións por I+D+I no imposto de sociedades impresionantes, precisamente por gastar cartos nisto; por iso é lexítimo que as empresas farmacéuticas queiran gañar cartos, pero tamén é certo que o goberno pode eliminar as deducións.

Pensa que non se pode limitar a atención médica a que sexa cara ou barata porque entón o sistema creba, trátase dun liberalismo radical e do capitalismo máis salvaxe. Isto ocorre porque as empresas están para gañar cartos e non para o servizo do cidadán e isto o ten que esixir os gobernos. Por isto sempre hai algúns que están intentando cambiar o sistema.

Por todo isto anuncia que o seu grupo votará a favor da moción.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que, centrándose na moción e segundo dixo a voceira do grupo mixto municipal, non se eliminou o financiamento de ningún medicamento e non se pode financiar. Neste caso trátase dun novo medicamento que acaba de saír recentemente que pode supor a desaparición desta enfermidade, e sen saber se é polo liberalismo do que fala o voceiro do grupo do BNG, ten uns custes extremadamente elevados.

Se ben a moción ten razón respecto das patentes farmacéuticas, distintos expertos dixeron que asumir os custes deste tratamento podería producir a bancarrota da sanidade. Sen entrar noutros debates respecto dos xigantes farmacéuticos e doutros sectores, o que ten que facer o goberno é xestionar situacións e o Presidente do Goberno español dixo recentemente que ningún enfermo vai quedar sen este medicamento, como xa pasou no ano 2012 cando apareceron novos medicamentos para paliar esta enfermidade, que aparentemente non eran tan decisivos como semella que vai ser este.

Neste caso houbo unha reunión dun comité de expertos para a administración paulatina deste medicamento, fíxose unha base de datos para inscribir a todos os pacientes con seguimento dos seus médicos correspondentes, que tiña o obxectivo de administrar o fármaco aos pacientes máis graves.

Prosegue dicindo que ao que lle toca xestionar, ten que facelo cos medios dos que dispón.

Pensa que se houbo a posibilidade de poder administrar este fármaco a todos os afectados, así se faría.

A moción tamén di que hai terceiros países que están a producir medicamentos xenéricos, o que é



certo, pero estes medicamentos non poden ser exportados a outros países.

A moción tamén lle solicita á Xunta de Galicia a que se sume a estas esixencias, pero pensa que a Xunta de Galicia o que ten que facer é, dentro do seu ámbito competencial, facer chegar ao maior número de pacientes este fármaco, dentro dos medios dos que dispón; de feito todos os pacientes incluídos nese protocolo de actuación están a recibir a día de hoxe a súa medicación.

Por todos estes motivos o seu partido vaise abster na votación desta moción.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que o que non entende é que nuns países o medicamento custe 800 ou 900 euros e que aquí custe miles de euros. En calquera caso é obriga do goberno facilitarlles aos cidadáns a medicación que precisen. Respecto do dito polo Presidente de que ninguén vai quedar sen medicamento tería que dicirlllo aos familiares desas 40000 persoas que xa morreron precisamente por non dispor deste tratamento.

Respecto da xestión cos medios dos que se dispón, pensa que medios hai pero non se xestiona do xeito que o hai que facer; pon como exemplo o financiamento para as corridas de touros da Coruña con 200000 euros, cartos que ben podían ir ao financiamento da sanidade pública.

Polo tanto, considera que a cuestión non é que non haxa medios, senón que hai que darlle prioridade á aquilo que o ten, por iso a saúde dos cidadáns ten que estar por enriba de calquera outra cousa.

O dito de que todos os enfermos van recibir o seu tratamento non é certo porque hai xente que morreu e que segue a morrer e por iso, nestes casos, gustaríalle que lle explicasen por que ese tratamento non chegou a tempo.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que lle asombrou a xustificación da voceira do Partido Popular para xustificar a súa abstención. Pensa que os argumentos cambiarían dependendo da proximidade, se eses enfermos da hepatite C fosen coñecidos e non como dixo algún persoeiro estes días que se trata de drogadictos ou de persoas con costumes sexuais relaxadas.

Se o Presidente do Goberno de España quixera garantir este medicamento para todos os enfermos da hepatite C sería moito máis barato darllo agora a todos e curalos, que só darllo aos que están en fase terminal, de xeito que pasen meses ou anos consumindo outros recursos do sistema de saúde, consumindo medicamentos que palían pero non curan, asistencia aos médicos, estancias hospitalarias... A todas luces poderíase xerar un aforro dándolles o medicamento agora e non tempo despois.

Se se fala de rendibilidade tamén haberá que ter en conta criterios sociais, así a Xunta de Galicia acaba de anunciar que vai gastar 200000 euros en pagarlle a Enrique Iglesias para facer un videoclip en Galicia, cando lle parece mellor investimento darlle medicamentos a unha ducia de enfermos.

Por tanto, cando se fala de temas tan serios que afectan a persoas, hai que ser rigorosos e non caer no esperpento.

Podería coincidir no tema dos recursos, que hai que administralos ben, pero aquí se fala de que hai



empresas que planifican o espolio dos cidadáns e dos estados a costa da saúde pública, o que é moi grave, e iso hai que frealo e combatelo.

Respecto do dito de que non se poden mercar noutros países medicamentos xenéricos, tampouco pode pasar que os medicamentos que se mercan a prezo taxado para vender neste país logo os farmacéuticos os coloquen en Inglaterra, Francia ou Alemaña ao dobre ou triple de prezo que se paga neste país, xa que cando as farmacéuticas coñecen estes datos endurecen e os medicamentos e pasan a costarlles máis a todos.

Que este medicamento pase a costar 30000 ou 40000 euros ten que ver con permitir determinados fraudes dentro da sanidade pública, que benefician a uns poucos farmacéuticos pero que pagamos todos cando contribuímos á Seguridade Social todos os meses.

Por iso di que non se pode facer demagogia, que hai recursos e administrar o medicamento a todos os enfermos non acaba co sistema sanitario, senón que a dous ou tres anos pode aforrar moitos cartos ao sistema público de saúde.

Engade que ademais o que hai que facer é fronte, xunto con outros estados, a este tipo de situacións, pois non pode ser que en España o medicamento custe 30000 ou 40000 euros cando noutros países pode ter un custe de 900 euros.

Todos saben que os custes de produción e os de investigación non dan eses resultados, xa que o medicamento sae ao prezo dunha tese doutoral que se mercou polo que vale hoxe unha soa dose en España, e a partir de aí a súa produción é imposible que chegue a eses parámetros, por iso non hai nada que xustifique que non haxa unha acción contundente de España para primeiro abastecer as necesidades dos enfermos españois e, segundo, para promover iniciativas a nivel internacional que eviten estes espolios e estas tomaduras de pelo.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que lle di á voceira do PP que é certo que hai protocolos, pero o problema é que os protocolos non se fixeron con criterios médicos, senón con criterios políticos e económicos e isto é o que o seu grupo insiste en que non se pode facer, xa que se está a falar da vida das persoas.

Por iso todos saben que agora mesmo o problema non é o custe do medicamento, saben que hai medidas e medios para cambiar eses custes, xa que hai uns anos, cando aconteceu isto co tema da sida, houbo países que non chegaron a acordos coas farmacéuticas e non pasou nada.

O que hai que facer é tomar medidas, xa que cando está en xogo a vida das persoas, teñen que tomarse medidas inmediatas e non poñerse con protocolos, xa que a morte non é negociable se se pode evitar.

Non quere entrar no debate dos cartos e dos protocolos porque o Partido Popular sabe moito disto e depende de quen sexa o enfermo, xa que se custa 2 millóns de euros traer a un cura de África para tratar o ébola, tráese e non pasa nada e todos din que haberá que traelo pero se o enfermo é outra persoa, ao mellor non se gastan 20000 euros porque é moi caro.

Non se pode entrar nestes criterios. Hoxe en día hai un medicamento que cura esta enfermidade cando hai miles de persoas enfermas; os recursos hai que sacalos de onde sexa e se hai que modificar os orzamentos xerais do estado ou hai que mercar unha fragata menos, haberá que facelo, pois estase falando da vida, hai que facelo de xeito inmediato e con criterios médicos.



A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que non falará de custes, que lle sorprende do mal pensamento que teñen os voceiros dos grupos políticos respecto das categorías de enfermos e di que nin pola súa cabeza nin pola dos seus compañeiros pasa tal idea. Todos coinciden en que a vida é a vida.

Dille ao voceiro do grupo municipal socialista que na súa exposición xustificou a abstención porque o Presidente dixo que ía financiar estes medicamentos como se fixo no ano 2012 cando saíron outros medicamentos para esta enfermidade que eran menos efectivos que o actual. Di que, polo que saben, os protocolos fixéronse coa representación de médicos e que todos os enfermos irán recibindo dito medicamento. Posiblemente neste tempo vanse facer novas actuacións para que poidan chegar antes a todos os afectados.

Dille ao voceiro do grupo municipal socialista que se aplique a el mesmo a falla de demagogia que pedía e non faga alusións persoais, xa que descoñece a súa vida, igual que ela a del e non sabe o que lle afecta á súa familia ou amigos, por iso dille que eses consellos os aplique a el mesmo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que el non dixo quen fixo os protocolos, senón que debían facerse con criterios médicos. En ningún momento pon en dúbida que os membros da Corporación teñan interese en que isto non se solucione, pero dilles que eles son os representantes do PP aquí e o seu partido é o que está facendo isto, por iso se lles pide que lles esixan ao seu partido ou ao seu goberno.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1) Esixir ó Goberno de España:

1.1) Que declare a situación dos pacientes afectados por Hepatite C como emerxencia sanitaria, e a actuación da Empresa Gilead de anticompetitiva e monopolística.

1.2) Que realice os trámites necesarios, coa maior brevidade posible e sen negociación previa có titular da patente, para a emisión da licenza obrigatoria do Sofosbuvir, autorizando o abastecemento do mercado interno deste produto mediante a fabricación de xenéricos, fixando un prezo que sexa sostible para as arcas públicas e que garante o tratamento para todos os que, segundo os criterios médicos profesionais, o precisen.



1.3) Que retire a decisión voluntaria do Goberno de España de renuncia á importación de xenéricos producidos baixo licenza obrigatoria en terceiros países, a fin de poder importar medicamentos, en caso de que a produción de xenéricos baixo licenza obrigatoria realizada no noso país non sexa suficiente para cubrir as necesidades.

1.4) Instar ós organismos internacionais e ós países membros da UE á modificación da lexislación de patentes farmacéuticas, a fin de evitar os efectos perniciosos da especulación financeira. A empresa que descubriu o Sofosbuvir (Pharmasset), saíu a bolsa antes incluso da comercialización e desenvolvemento do fármaco, e foi adquirida por Gilead por un importe de once mil millóns de dólares. Entendemos que a lexislación debe prohibir que os custos derivados de operacións bursátiles especulativas sexan trasladados ó prezo de venda dos fármacos ou, o que é o mesmo, prohibir que, en última instancia, as operacións bursátiles especulativas sexan financiadas cos fondos dos sistemas sanitarios públicos.

1.5) Que prohiba que se poidan establecer patentes privadas sobre produtos que sexan desenvolvidos en boa medida, grazas á labor de investigacións financiadas por institucións públicas, e levadas a cabo en instalacións ou centros públicos, coa participación de profesionais dos sistemas nacionais de saúde ou de seguridade social, e mediante ensaios nos que participen pacientes que sexan captados en centros de titularidade ou financiación pública.

1.6) Que desenvolva unha investigación farmacéutica independente da actual industria, ó servizo unicamente do desenvolvemento científico e da mellora da saúde da poboación, sendo para elo de titularidade e financiación pública.

1.7) Que poña en marcha unha industria farmacéutica pública con capacidade de facer fronte á demanda de medicamentos do sistema sanitario público.

2) Instar ó Goberno da Xunta de Galicia, a sumarse a estas esixencias diante do goberno central, e a asumir a súa responsabilidade derivada das competencias autonómicas en prestación da asistencia sanitaria, garantindo de inmediato o tratamento necesario a todos os afectados que o necesiten, segundo prescrición facultativa.

3) Dar traslado destes acordos ó Ministro de Sanidade e ós Voceiros dos Grupos Parlamentarios da Xunta de Galicia, así como do Congreso dos Deputados.

6. Mocións urxentes



6.1 Corrección de erros da ordenanza reguladora das axudas económicas municipais para a atención de necesidades sociais

O alcalde xustifica a urxencia pola tramitación das axudas de emerxencia social que se están tramitando e que poden afectarlles este erro.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que entende que os erros do goberno os debe asumir o propio goberno e entendendo que a medida pode prexudicar aos veciños de Fene prestarán o apoio mínimo e necesario para que a urxencia saía adiante.

Queda introducida na orde do día a seguinte proposta da alcaldía tras ratificarse a súa urxencia por 12 votos a favor (6 do grupo do PP, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), con 5 abstencións do grupo socialista.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Con motivo da tramitación de diversas axudas de emerxencia social púxose de manifesto que existía un erro material na ordenanza reguladora das axudas económicas municipais para a atención de necesidades sociais publicada no BOP o 9.11.2012, tal e como acredita o informe da traballadora social Sonia Fresco Torrente de 20.1.2015, de tal forma que están invertidas as contías a subvencionar no ámbito urbano e no rural.

Con motivo dese erro material, mediante resolución da alcaldía 1425/2014 do 30 de decembro acordouse aprazar a concesión dunhas subvencións para pago das taxas municipais de auga, saneamento e recollida de lixo do exercicio 2014 a tres beneficiarios, coa finalidade de non prexudicar aos interesados.

O artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común permite retificar en calquera momento erros materiais, ao dispor: “Las Administraciones públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”

Visto o que antecede, propoño ao pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.-Retificar a seguinte táboa do artigo 18 da ordenanza reguladora das axudas económicas municipais para a atención de necesidades sociais, de tal xeito que onde di:

Tipoloxía da Axuda	Máxima contía a subvencionar.-
--------------------	--------------------------------



	100 % coste
Subvención para o pago da auga e saneamento	107,00 €
Subvención para o pago de auga	50,00 €
Subvención para o pago de saneamento	35,00 €
Subvencións para o pago do lixo zona urbana (90% custo)	70,05 €
Subvencións para o pago do lixo zona rural (90% custo)	91,19 €

Debe dicir:

Tipoloxía da Axuda	Máxima contía a subvencionar.- 100 % coste
Subvención para o pago da auga e saneamento	107,00 €
Subvención para o pago de auga	50,00 €
Subvención para o pago de saneamento	35,00 €
Subvencións para o pago do lixo zona urbana (90% custo)	91,19 €
Subvencións para o pago do lixo zona rural (90% custo)	70,05 €

2.-Publicar a presente retificación de erros no BOP.

Fene, 5 de febreiro de 2015
O alcalde
Gumersindo Pedro Galego Feal"



Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que como só é preciso maioría simple para a aprobación entende que o goberno é o responsable de corrixir os erros que comete e non corresponsabilizar á Corporación.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que insiste na petición de que se actualicen as ordenanzas, xa que se levan 3 ou 4 anos sen actualizalas. Hai uns días aprobouse a ordenanza núm. 19 dos bombeos e xa pediron daquela que se actualizara cos mesmos criterios de axudas económicas para todas, por iso insiste en que logo de ter feito isto, xa se puido ter actualizado e facer unha modificación xeral para todas as ordenanzas. Votarán para que saía adiante e non prexudique a ningún veciño, por iso vanse abster.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que, entendendo que se trata dun erro material, débese tratar de corrixilo o antes posible e por iso vai facilitar a súa aprobación, pero lle gustaría que se trouxeran os asuntos cun pouco máis de tempo.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP, con 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Rectificar a seguinte táboa do artigo 18 da ordenanza reguladora das axudas económicas municipais para a atención de necesidades sociais, de tal xeito que onde di:

Tipoloxía da Axuda	Máxima contía a subvencionar.- 100 % coste
Subvención para o pago da auga e saneamento	107,00 €
Subvención para o pago de auga	50,00 €
Subvención para o pago de saneamento	35,00 €
Subvencións para o pago do lixo zona urbana (90% custo)	70,05 €
Subvencións para o pago do lixo zona rural (90% custo)	91,19 €

Debe dicir:

Tipoloxía da Axuda	Máxima contía a subvencionar.- 100 % coste



Subvención para o pago da auga e saneamento	107,00 €
Subvención para o pago de auga	50,00 €
Subvención para o pago de saneamento	35,00 €
Subvencións para o pago do lixo zona urbana (90% custo)	91,19 €
Subvencións para o pago do lixo zona rural (90% custo)	70,05 €

2. Publicar a presente rectificación de erros no BOP.

7. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se esixa á Xunta de Galicia a substitución da cuberta do colexio do Ramo, xustificando no informe dos propios técnicos municipais e que se amaíe o seu ximnasio.
- Roga que se fagan con máis anticipación as bases do entroido tal e como sucedía antes de que gobernase o Partido Popular en Fene; con cando menos un mes de antelación.
- Roga que se fagan as obras de mantemento pendentes no colexio de Centieiras, concretamente rematar os peches o cubrir os perfís das columnas.
- Dende os colexios dinlle ao seu grupo que hai un certo retraso na comunicación das actividades, que nalgúns casos non se conta coa súa opinión e noutros casos van moi xustos de tempo. Roga que se solucione.



- Roga que se amañen as fochancas do camiño do Cruceiro.

- Os veciños da rúa Hortelá trasládalle un rogo, concretamente os veciños do número 12, que se queixan das camelias que teñen fronte ao edificio pois precisan unha poda cara a evitar a caída continua de flores que fan o chan moi esvaradío.

- Roga que os obreiros que están a facer traballos na rotonda de entrada de San Valentín teñan máis coidado e que sinalicen mellor ditos traballos.

- Roga unha maior axilidade no control das tarxetas acreditativas das persoas con grao de discapacidade, posto que hai veciños que lles din que se están usando tarxetas de persoas falecidas.

- Roga que se intensifique a campaña de desratización na zona do casino de Perlío.

- Houbo algúns días que non houbo auga nas duchas da piscina, houbo algún problema na caldeira? ¿a que son debidas estas incidencias?

Contéstalle a concelleira de Deportes que na piscina non hai ningún problema coas caldeiras. Houbo unha incidencia o 20 e o 27.01.2015, días nos que coincidiu que estaba un membro da Corporación na piscina e que non houbo auga pola tarde, cando se foi comprobar o que pasaba, detectouse que a caldeira estaba apagada sen saber por que pasou. Non obstante non volveu pasar. O día 20.01.2015 di que houbo moita xente, o que puido provocar que nas duchas saíra pouca auga e tibia. O día 27.01.2015 si que a auga saíu fría ata que se acendeu a caldeira.

- Na última Comisión de Facenda díxose a que o Concello ía participar na presentación do último libro de Ramón Loureiro e preguntóuselle ao presidente por que se facía isto dende a Área de Facenda e non de Cultura. O concelleiro de Facenda respondeu que o autor coñecía perfectamente aos membros do Goberno e as áreas de cada quen, que lle trasladou a petición e que por algo sería.

Por todo isto pregunta: a que se refería o concelleiro de Facenda con ese “por algo será” que o autor fale con el e non coa concelleira de Cultura?, houbo algún cambio no Goberno que descoñezan?, pídlle ao alcalde que lles aclare que leva a área de Cultura e preguntalle: parécelle normal que a presentación dun libro se faga dende Facenda e non dende Cultura?

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, Promoción Económica, Formación e Turismo, Juan José Franco Casal, que lle contesta que o seu informador descontextualizou o dito na Comisión de Facenda. Nesta Comisión preguntáronlle por este acto e contestoulle que se enfoca dende a área de Turismo polo feito de que esperan que veñan persoas de distintos lugares de Galicia e de España, é máis, o acto inclúese dentro da mostra turística Ven a Fene,



por iso di que ten todo o sentido do mundo que se enfoque dende a área de Turismo. Ante a insistencia “machacona” do seu comunicador respecto do por que non se fai dende Cultura contestoulle que o autor sabe algo da realización de actos e se quixera enfocalo dende un aspecto totalmente cultural, así o faría. Non houbo ningún espírito en darlle a isto o sentido que se deduce das súas preguntas.

- En relación coas obras de acondicionamento na curva de Santa Ana alégrase de que as novas nos xornais sirvan para algo e agradécelle ao Goberno a sinalización instalada. Rógalle que valoren se esta actuación é suficiente, pois polo que lle dixeron o problema da zona é o desgaste da banda de rodadura que debía ser dun tipo especial, de xeito que absorba a auga e evite que se faga xeo. Por iso pregunta, está previsto o cambio da banda de rodadura? para cando está previsto facelo? vaise incrementar a sinalización instalada?

Contéstalle o alcalde que non acostuma valorar nada ao respecto porque non entende disto. Respecto de se van botar a capa de rodadura ou non, respondéronlle que o ían falar cos técnicos e mentres non llo informen os técnicos, non sabe se se vai cambiar ou non. O que está claro é que a capa de rodadura deuse con bastante premura, xa que a N-VI botou 6 ou 7 meses sen ela, botouse ás presas e correndo, con mal tempo, e logo perdeuse o abastecemento á Porta do Sol porque Estradas non lles deixou cortar a estrada. Di que insistirá en que se trate o firme, hai que dicir que a zona é sombriza e pasa por debaixo o río de Magalofes.

Remata dicindo que ata agora Fomento informoulle da actuación que se fixo e do resto aínda non sabe nada.

- Por que estiveron sen recollerse os voluminosos dende o 13.01.2015 ao 27.01.2015 nos bloques IV e V de San Valentín?

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que é a primeira nova que ten, non obstante mañá chamará á empresa para saber se isto foi unha incidencia xeral ou nalgún sitio puntual.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Cal foi o cambio de criterio respecto dos lavadoiros? O seu grupo levaba tempo pedindo o seu mantemento e contestóuselle que non era algo prioritario.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que o criterio non se cambiou, considera que é un gasto elevado para facer todos os anos. Non obstante este ano, coa difusión que houbo co tema das lavadeiras considerou oportuno darlle unha limpeza a todos os lavadoiros e poñelos en condicións.



O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, dille que o mantemento regular costa moito menos ca unha limpeza cada catro anos.

- Estase preparando unha rampla no cemiterio municipal que xa contaba con outra rampla, por iso pregunta: existe algún inconveniente coa outra rampla?

Contéstalle o concelleiro de Servizos que decidiron cambiala para evitar caídas e esvaróns.

O alcalde engade que a rampla estase a utilizar como se fose a entrada principal.

- No bloque XII de San Valentín na avenida da Cooperación hai máis dun ano que pediron que se fixera un rebaixe na beiravía para dar acceso ao único local que non tiña acceso de vehículos ou para poder acceder comodamente. Díxose que podería haber algunha dificultade e propuxéranlles que se instalase un paso de peóns. Insiste nesta solicitude e roga que se faga este traballo.

- Roga que se comprobén as goteiras dos vestiarios do pavillón de San Valentín.

- Respecto do problema das ratas di que é algo constante e reiterativo nos últimos plenos, pero estes días atrás houbo moitas queixas, concretamente en Perlío na zona dos colectores das casas verdes e na zona da rúa Antonia Montero. Roga que se tomen medidas ao respecto para que non se convertan nunha praga.

Contéstalle o concelleiro de Servizos que mañá falará coa empresa para facer unha actuación especial.

- No derradeiro Pleno volveron insistir en que lles achegasen a información relativa ás altas no Catastro a aínda non teñen dita información a día de hoxe.

Contéstalle a concelleira de Urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente, que no último Pleno díxolles que non lle constaba ningún escrito do BNG solicitando as altas catastrais e só lle constaba a petición de documentación do procedemento regularización. Respecto das altas catastrais sabía da petición do Partido Socialista e do BNG só lle constaba a petición de documentación do procedemento de regularización. Por iso non se lle achegou unha copia.

Respecto do preguntado nese escrito dille que as preguntas sobre cantas propiedades foron regularizadas no proceso de revisión catastral e cantas alegacións se fixéron, non poden ser contestadas porque o Concello non ten eses datos e por iso váiselle instar ao Catastro para que llos faciliten.



- Roga que se amaíe de xeito urxente o paso elevado de Barallobre pois a situación é moi perigosa.

Contéstalle o concelleiro de Servizos que xa están traballando nisto dende hai xa catro ou cinco meses, pero a climatoloxía llo está impedindo, pois non se pode facer soldaduras en mollado.

- Respecto da zona da Porta do Sol, hai máis de 2 anos que teñen solicitado en Comisión e nalgún Pleno que se fixera a xestión con Fomento respecto do asfalto que se botou para o acceso cos coches ás súas casas. Ditos accesos provocan que os coches toquen co fondo dos vehículos na estrada provocando danos e perigo para a incorporación ou saída da vía. Daquela Fomento asfaltou pero non arranxou as beiras das estradas ás casas, por todo isto rogan que se insista neste asunto.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se insista no tema das ratas.

- Arranxouse a inundación do pavillón do Ramo de Barallobre?.

Contéstalle a concelleira de Cultura e Deportes que xa preguntou isto a concelleira do BNG na Comisión e xa lle dixo aquel día que non sabía se pasara algo de noite e que se fose así a chamarían ao día seguinte. Non existiu ningunha inundación, o problema que houbo é un problema de condensación que se produce en determinados días e a determinadas horas dos días moi húmidos.

- Cal será o custe aproximado do entroido?

Contéstalle a concelleira de Cultura e Deportes Rocío Aurora Bértoa Puente que aínda que pode ter unha aproximación, prefire facilitarllelos por escrito na vindeira Comisión cando teña datos concretos.

- Recibiu peticións dalgúns veciños para que se instale un punto de luz no paso de peóns no Gadis da avenida Naturais.

- No Pleno pasado preguntou, a través do voceiro do grupo municipal socialista, polas queixas que recibiu da cabalgata de reis e contestóuselle que se lle preguntaría á organización por iso, polo que pregunta: xa se ten algunha resposta?



Contéstalle a concelleira de Cultura e Deportes Rocío Aurora Bértoa Puente que lle preguntou á asociación dos Tadetas e lle dixeron que non houbo ningunha queixa e que non se produciu ningún incidente.

- Que destino tiveron os cartos recadados do mercadoño solidario da galescola?

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais que os cartos do mercadoño solidario este ano os está a xestionar a directora do centro; sabe que aínda non se gastou todo e que o último gasto feito foi para pagarlle a luz a unha familia que non tiña ingresos. Non obstante darase conta do uso dos cartos.

- Na Comisión de Cultura contestóuselle que non houbera ningún tipo de problema nas caldeiras do campo de fútbol dos Pinares. Dita contestación facilitoulla aos distintos usuarios que lle reiteraron que non se puideron duchar durante case que 2 semanas porque a caldeira non funcionou. Di que llo dixeron todos os xogadores de distintos equipos.

Contéstalle a concelleira de Cultura e Deportes que semella que queren enfrontalas xa que o encargado do campo de fútbol e distintos directivos dos equipos de fútbol lle dixeron que non había ningún problema. Non obstante volverá insistir xa que agás vostede, ninguén lle comunicou ningún problema.

- Roga que se arranxen os semáforos que non funcionan a primeira hora da mañá e tampouco algúns días sobre as 13.00 ou 13.30 h.

- Esta semana pasada realizáronse as Comisións Informativas e non se lles informou e tiveron que saber polo BOP da licitación do servizo do catastro.

Contéstalle o alcalde que foi pola súa culpa xa que presidiu el a comisión informativa á que non puido asistir a concelleira de Urbanismo por problemas de saúde e limitouse a dar conta do que había no expediente, non se deu conta de anunciar o tema do prego da xestión catastral, do mesmo xeito que tamén se esqueceu de comentalo na Xunta de Voceiros.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 19:32 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria



Gumersindo Pedro Galego Feal
Lamas

Estefanía Manteiga